

O PODER DO SOL.

FICHA PRIMARIA I

1.- Para que vos serve o sol?

2.- Mirade as dúas imaxes. Escribide debaixo de cada unha delas o seu nome.



Esta flor ten un curioso nome, tanto en galego "**mirasol**", como en castelán "**girasol**" como en francés "**tournesol**" Sabes por que ten ese nome?

Fixádevos no funcionamento da cociña coa que facemos o chocolate. Tamén xira co sol?

3.- VISITADE A EXPOSICIÓN E FIXÁDEVOS NOS XOGUETES e COCIÑAS SOLARES.

3.1.- De que cor son as tarteiras que empregamos para cociñar co sol?

3.2.- Que ocorre cos xoguetes cando non están mirando cara ao sol?

3.3.- Suliña con que obxectos podemos soportan as temperaturas do sol.

TARTEIRAS BRANCAS, FIAMEIRAS DE PLÁSTICO, FERRO,
BOLSAS PLÁSTICAS PARA O FORNO, TAPA, VIDRO, MADEIRA.

3.4.- Escribe o nome dos alimentos que cociñamos co sol no colexio.

			

Gustáronvos? Saben igual que os da vosa casa?

Credes que poderíamos cociñar chourizos, filloas, guisos, ovos, castañas... nestas cociñas?

Mais, as cociñas solares teñen un problema. Suliñade o que sexa verdade.

- 1.- Poden incendiar unha casa cando se está cociñando no interior.
- 2.- Precisan moito máis tempo cas cociñas de gas ou electricidade.
- 3.- O seu uso é moi complicado e precisa ter moitos estudos.

3.3.- Debuxade os distintos tipos de cociñas que hai na exposición.

3.4.- Para que se inventaron as cociñas solares? En que lugares do mundo se empregan?

3.5.- Que xoguetes hai na exposición que funcionen co sol? Cal é o que máis che gusta?